

# 1 O servizo samba

## 1.1 Sumario

- 1 Introducción
- 2 Instalación de Samba
- 3 Configuración
  - ◆ 3.1 Sección [global]
  - ◆ 3.2 Unha sección para cada directorio compartido

## 2 Introducción

Samba é unha implementación libre para sistemas Linux do protocolo de ficheiros compartidos de Microsoft Windows, chamado SMB (*Server Message Block*). Foi desenvolvido utilizando técnicas de enxeñería inversa coa axuda, entre outras, dun sniffer para entender o funcionamento do protocolo. O nome vén de inserir dúas vogais ao protocolo estándar que Microsoft usa para as súas redes, o SMB.

Samba é unha ferramenta que permite:

- **Compartir recursos**, como ficheiros e impresoras, entre máquinas Windows e Linux.
- Configurar un equipo Linux como **controlador de dominio** dunha rede Windows (o que se coñece como un PDC). A idea é facer crer aos equipos Windows que o servidor Linux é un servidor de Windows que funciona como controlador de dominio.

## 3 Instalación de Samba

En Ubuntu, os paquetes principais de samba son:

- **smbclient**: cliente de samba, que permite acceder a un cartafol compartido dun equipo Windows dende unha máquina Linux.
- **samba**: servidor de samba, que permite compartir carpetas nunha máquina Linux para que sexan accedidas dende máquinas Windows.

Para instalar os paquetes hai que teclear:

```
sudo apt-get install samba smbclient
```

## 4 Configuración

Samba, do mesmo xeito que a maior parte das aplicacións para Linux, dispón dun ficheiro de texto para a súa configuración. Trátase do ficheiro:

```
/etc/samba/smb.conf
```

A sintaxe deste ficheiro é bastante sinxela xa que está dividido en seccións que se limitan a establecer o valor duns cantos parámetros e a determinar cales son os cartafolos compartidos e os seus permisos. No entanto, para facilitar a configuración de samba existe unha ferramenta chamada swat que permite, vía web, configurar a aplicación.

Posto que editando o ficheiro smb.conf se poden configurar máis de 300 parámetros, dando lugar a moitas configuracións, limitáremos a analizar os parámetros máis relevantes.

Todas as liñas que comezan por (#) ou punto e coma (;) son liñas de comentarios e son ignoradas por samba. O arquivo smb.conf está dividido en seccións identificadas con corchetes [ ] .

### 4.1 Sección [global]

Na sección [global] configúranse os parámetros xerais (globais) que determinarán o comportamento xeral do servidor samba. Todos os parámetros que se omitan tomarán o valor predefinido por defecto.

- **hosts allow**. Permite especificar desde que direccións IPs se poderá acceder ao servizo. Ex.: Se pomos

192.168. significa todas as que empecen por 192.168. Pódense pór IP concretas. Esta limitación de acceso é similar á que tiñamos en NFS.

- **hosts deny.** Igual que hosts allow pero para especificar os rangos non permitidos
- **security.** Permite determinar o modo de compartición de recursos de samba.
  - ◆ user. É a opción por defecto e indica a necesidade de que o usuario se autentique no servidor.
  - ◆ share. Provoa que non se esixa ningún tipo de autenticación, polo que se amosarán todos os recursos independentemente de quen acceda.

## 4.2 Unha sección para cada directorio compartido

Cada vez que se comparte un cartafol, hai que crear unha sección co nome que se desexe xa que devandito nome será o nome do recurso compartido. Exemplo, se desexamos compartir o cartafol /home/samba/alumnos crearemos unha sección [alumnos] onde se configurará devandito recurso compartido cos parámetros específicos para el. Parámetros destacables:

- **browseable = yes.** Indica se o recurso compartido será visible cando se escanea a rede, por exemplo facendo clic en 'Os meus sitios de rede' en Windows
- **create mask = 0770.** Establece a máscara de creación de ficheiros, igual con directory mask para a creación de cartafoles.
- **guest ok = yes.** Indica que calquera usuario sen contrasinal ten permiso de acceso
- **valid users = usr1, usr2.** Indica que usuarios poden acceder ao recurso.

--Arribi 13:18 15 abr 2009 (BST)